

Expediente núm.: 192/2025

Bases

Procedemento: Actividades ou Cursos (Organización ou Inscripción)

Asunto: Programa Sanxenxo Concilia 2025

BASES DO PROGRAMA SANXENXO CONCILIA 2025

1. OBXECTIVOS

Sanxenxo Concilia 2025 é un programa lúdico de atención diúrna a nenos e nenas de entre 3 e 12 anos en períodos non lectivos coa finalidade de facilitar ás familias a conciliación da vida laboral e familiar. Ten entre outros os seguintes obxectivos:

- Ofrecer un espazo onde os/as nenos/as poidan desfrutar dun tempo de lecer alternativo e de calidade.
- Promover a participación en actividades que fomenten a convivencia, a igualdade e a cooperación potenciando valores como o compañeirismo e o respecto aos outros.
- Favorecer a responsabilidade e autonomía persoal dos/das menores.
- Contribuír na prevención de situacións de vulnerabilidade e exclusión social.

2. DESTINATARIOS/AS

Nenos/as nados/as entre o 1 de xaneiro de 2013 e o 31 de decembro de 2021 que formen parte dunha unidade familiar na que un ou ambos proxenitores ou titores teñan actividade laboral ou un compromiso de contratación no período no que se solicite o programa. No caso de nenos/as con diversidade funcional esta deberá permitirlles participar con autonomía nas actividades do programa.

En ningún caso poderán solicitar acceso ao servizo, as unidades familiares nas que un dos seus proxenitores estea en situación de excedencia por coidado do/a menor.

Entenderase por unidade familiar:

A) A formada polos cónxuxes ou relación análoga e:

- Os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.
- Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

B) A formada polo/a menor e os/as seus/súas acoledores/as de feito ou de dereito, que convivan habitualmente.

O.A. Terra de Sanxenxo

Nos casos de nulidade matrimonial, separación, divorcio ou situacións análogas habendo medidas paterno filiais atenderase a que estes requisitos se cumpran respecto do/s proxenitor/es que exerza/n a garda custodia do/a menor.

3. PRAZAS

O número de prazas coas que conta o Programa é de 100 por quincena. No caso de nenos/as con necesidades educativas especiais, estas non deben impedir que poidan participar con autonomía nas actividades do programa.

No caso de haber máis solicitudes que prazas procederase á adxudicación das mesmas segundo a orde de adxudicación e baremo establecido no ANEXO I.

No caso de que a última solicitude admitida solicite praza para un número de nenos/as que excedan o número máximo de participantes no Programa, a persoa solicitante pode optar ou ben por desistir da solicitude ou ben por incorporar ao Programa o/os menor/es que permita o máximo número de prazas ofertado.

4. LUGAR, DATAS E HORARIO DE REALIZACIÓN

O Programa desenvolverase no CEIP A Florida do 1 de xullo ao 29 de agosto de luns a venres de 8,00 a 15,30 h. As modalidades de asistencia serán por quincena, mes ou Programa completo.

A entrada poderá realizarse entre as 8,00 e as 10,00 h e a saída entre as 13,30 e as 15,30 h. Aqueles nenos/as que utilicen o servizo de 14,00 a 15,30 h deberán levar a comida.

5. SOLICITUDES DE PRAZA

O prazo de presentación de solicitudes será dende as 9,00 h do 22 de abril ata as 14,00 h do 9 de maio de 2025.

As solicitudes presentaranse preferiblemente na sede electrónica do O.A. Terra de Sanxenxo (<https://terradesanxenxo.sedelectronica.gal>). Para elo será necesario dispoñer de DNI electrónico, certificado electrónico ou sistema de autenticación Cl@ve. Opcionalmente poderanse presentar presencialmente no Rexistro do O.A. Terra de Sanxenxo (Casa do Concello, rúa Madrid, 1 – 36960 Sanxenxo) en horario de 9,00 a 14,00 h.

O proxenitor/a ou titor/a que realice a solicitude de praza no programa deberá contar coa autorización do outro/a proxenitor/a ou titor/a si o/a houbera así como informalo/a da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación.

6. DOCUMENTACIÓN

Xunto coa solicitude deberase achegar a seguinte documentación obrigatoria:

- Copia do DNI ou doutro documento acreditativo da identidade do pai e da nai, titores legais ou acolledores segundo proceda.

O.A. Terra de Sanxenxo

- Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o/a menor e os demais membros computables da unidade familiar.
- Copia da tarxeta sanitaria do/a neno/a.
- Documento acreditativo da situación laboral de cada un dos proxenitores: certificado de empresa ou de compromiso de contratación nos meses de xullo e agosto. No caso de traballadores/as autónomos/as, último recibo de pagamento da cota á Seguridade Social no réxime especial de traballadores por conta propia ou da correspondente mutualidade e declaración xurada onde conste o enderezo e horario de traballo.
- Copia da declaración do IRPF correspondente ó exercicio 2023 de todos os membros da unidade familiar ou certificado da AEAT de imputacións do IRPF.
- No caso de familia monoparental: libro de familia ou certificado administrativo de monoparentalidade.
- Nos casos de nulidade matrimonial, separación, divorcio ou situacións análogas nas que a garda custodia do/a menor a exerza un só proxenitor: sentenza de separación ou divorcio e/ou medidas paterno-filiais.
- No caso de non autorizar a consulta do Padrón Municipal, volante de empadramento do/a menor.

Opcionalmente poderá presentarse ademais a documentación que acredite as situacións que sumen puntos segundo o baremo establecido:

- No caso de nenos/as matriculados/as nalgún dos centros educativos do municipio de Sanxenxo: certificado do centro educativo de que o/a neno/a está matriculado/a no curso 2024/25.
- No caso de familia numerosa: copia do título.
- No caso de vítimas de violencia de xénero: acreditación administrativa da situación.
- No caso de discapacidade e/ou dependencia ou enfermidade que requira internamento periódico dalgún dos membros da unidade familiar: resolución e/ou certificado correspondente.

7. TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES

A baremación das solicitudes e a elaboración de listaxes de admitidos/as e de agarda estará a cargo dunha Comisión de Baremación conformada por:

- Concelleira de Educación ou persoa en quen delegue
- Técnica de Educación
- Persoal do Departamento de Animación Sociocultural

A Comisión de Baremación queda facultada para solicitar aclaracións e documentación complementaria á solicitude co fin de resolver dúbidas relacionadas co proceso de baremación. Así mesmo está facultada para determinar calquera aspecto que non estea recollido nestas bases.

O.A. Terra de Sanxenxo

Unha vez rematado o prazo de solicitude, o proceso de tramitación de solicitudes será o seguinte:

- Publicación dunha listaxe provisional, coas puntuacións acadadas, de admitidos/as, non admitidos e de agarda se os houber no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do O.A. Terra de Sanxenxo e na páxina web do Concello de Sanxenxo.
- Prazo de presentación de subsanación de documentación e reclamacións no rexistro do O.A. Terra de Sanxenxo.
- Publicación da listaxe definitiva, coas puntuacións acadadas, de admitidos, non admitidos e de agarda se os houber no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do O.A. Terra de Sanxenxo e na páxina web do Concello de Sanxenxo.
- Prazo para o pagamento (5 días hábiles a partir da publicación da listaxe definitiva).

8. XESTIÓN DA LISTAXE DE AGARDA

As baixas que se produzan serán cubertas polos nenos/as que estean en agarda seguindo a orde na que figuren na lista.

Realizaranse tres chamadas entre as 9,00 e as 14,00 h (cun intervalo mínimo entre unha e outra chamada de unha hora) dende o número de teléfono 639 723 588 que quedarán rexistradas para a súa constancia. De non contactar coa persoa interesada, o/a neno/a será dado/a de baixa e chamarase á seguinte da lista de espera.

9. PREZO E PAGO

O prezo público do Programa é o establecido no *Acordo de establecemento e regulación do prezo público pola prestación do programa Sanxenxo Concilia* aprobado pola Corporación Municipal en Pleno o 27 de maio de 2024:

	Empadroados	Non empadroados
QUINCENA	40,90 €	51,14 €
MES	81,81 €	102,27 €
2 MESES	163,64 €	204,55 €

Segundo as circunstancias da unidade familiar, aplicaranse as seguintes reducións:

- Familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda: 100%. Deberase achegar, no momento de solicitude de praza no Programa, o certificado de acollemento familiar emitido polo órgano autonómico competente.
- Familias usuarias dos servizos básicos comunitarios do municipio de Sanxenxo en situación de vulnerabilidade (solicitarase de oficio conformidade do Departamento de Servizos Sociais do Concello): 100%.

O prezo esixirase en réxime de autoliquidación e o seu abono previo é condición

O.A. Terra de Sanxenxo

indispensable para poder participar no Programa de modo que a falta de pago serán causa de perda do dereito á praza concedida.

O pago deberá efectuarse nos 5 días hábiles seguintes ós da publicación da listaxe definitiva de admitidos, non admitidos e de agarda se os houber no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do O.A. Terra de Sanxenxo e na páxina web do Concello de Sanxenxo.

Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, a actividade non se preste ou desenvolva procederase a devolución do importe correspondente, sen dereito a indemnización algunha. Salvo o disposto anteriormente, a falta de asistencia do/a neno/a admitido/a non supón a devolución da cota.

10. ASISTENCIA SANITARIA

No caso de que o/a neno/a sufrise algún dano/accidente no desenvolvemento das actividades do programa, a asistencia sanitaria correrá a cargo do seguro do pai/nai/titor/a do/a menor.

11. CAUSAS DE BAIXA

Causarase baixa por algunha das circunstancias seguintes:

- Por solicitude dos proxenitores ou representantes legais.
- Por falta de pagamento no prazo establecido.
- Por falta de asistencia ao Programa sen causa xustificada de tres días durante unha quincena. A estes efectos consideraranse faltas xustificadas aquelas que, aportando a documentación correspondente, fosen motivadas por:
 - o Enfermidade ou asistencia a consultas ou tratamentos médicos/especialistas.
 - o Cumprimento de medidas paterno filiais segundo acordo regulador ou resolución xudicial.

12. DEREITOS DOS PROXENITORES OU TITORES LEGAIS

- Ao bo trato por parte do persoal do Programa e das demais persoas usuarias.
- A ser informados sobre o funcionamento do Programa e o desenvolvemento no mesmo dos/as seus/súas fillos/as.
- A participar nas actividades do Programa cando estas sexan abertas ao público ou a petición das persoas responsables das actividades.
- A ser informados, de forma inmediata, de calquera accidente ou circunstancia relevante.
- A formular suxestións, queixas ou reclamacións en relación con calquera aspecto do funcionamento do programa.
- A solicitar a baixa no Programa en calquera momento.

13. OBRIGAS DOS PROXENITORES OU TITORES LEGAIS

- A cumprir rigorosamente os horarios de entrada e saída.
- A manter unha actitude de respecto e consideración co persoal e coas demais persoas usuarias.
- A que os/as nenos/as asistan ao servizo en condicións de hixiene axeitadas.
- A achegar os alimentos para a merenda e, no caso de solicitar o servizo de 14,00 a 15,30 h, para a comida seguindo unha dieta saudable e equilibrada.
- A informar de calquera situación persoal do neno/a ou familiar que poida afectar ao desenvolvemento do Programa.
- A informar das faltas de asistencia cando estas estean previstas.
- A non levar aos nenos/as cando non estean en perfectas condicións de saúde.

Programa financiado por:



**XUNTA
DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE**



CORRESPONSABLES



SECRETARÍA DE ESTADO
DE IGUALDAD
Y PARA LA ERRADICACIÓN DE LA VIOLENCIA
CONTRA LAS MUJERES

O.A. Terra de Sanxenxo

ANEXO I

SANXENXO CONCILIA 2025

ORDE DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

As prazas adxudicaranse na seguinte orde:

1º) Nenos/as empadroados/as no Concello de Sanxenxo que formen parte dunha unidade familiar na que ambos proxenitores ou titores teñan actividade laboral ou un compromiso de contratación no período no que se solicite o programa.

Asimilaranse a esta situación aqueles supostos de nulidade matrimonial, separación, divorcio ou situacións análogas, nas un dos proxenitores estea empadroadado no Concello de Sanxenxo, e solicite o programa Concilia para os seus fillos/as durante o período que segundo convenio regulador/sentenza, teña atribuída a súa custodia ou estea na súa compañía en réxime de visita.

Se o número de solicitudes de persoas que se atopen nas situacións descritas neste apartado é inferior ao número de prazas ofertadas, baremaranse as solicitudes descritas no apartado seguinte:

2º) Nenos/as empadroados/as no Concello de Sanxenxo que formen parte dunha unidade familiar na que só un dos proxenitores ou titores teña actividade laboral ou un compromiso de contratación no período no que se solicite o programa.

Se, unha vez adxudicadas as prazas a nenos/as incluídos neste apartado 2º, existen prazas dispoñibles, baremaranse as solicitudes descritas no apartado seguinte:

3º) Nenos/as non empadroados/as no Concello de Sanxenxo que formen parte dunha unidade familiar na que os dous ou un dos proxenitores ou titores teñan actividade laboral ou un compromiso de contratación no municipio de Sanxenxo no período no que se solicite o programa.

Terán a consideración de empadroados aquelas persoas que figuren inscritas no Padrón municipal de habitantes de Sanxenxo na data de inicio do prazo de solicitude de praza do Programa. A afectos da acreditación desta situación deberá autorizarse a esta Administración á consulta do Padrón Municipal ou, no seu defecto, aportar o volante de empadramento.

O.A. Terra de Sanxenxo

BAREMO

Situación sociofamiliar

- Por cada membro da unidade familiar: 2 puntos
- Pola condición de familia numerosa: 3 puntos
- Pola condición de familia monoparental: 3 puntos
- Pola condición de que o/a neno/a estea matriculado/a nalgún dos centros educativos do municipio de Sanxenxo: 1 punto
- Mulleres vítimas de violencia de xénero: 5 puntos
- Por cada persoa que, non formando parte da unidade familiar, estea ao seu cargo (Acreditarase mediante declaración do IRPF ou certificado de imputacións e para os efectos desta convocatoria considerárase sempre que convivan no mesmo domicilio e teñan ingresos inferiores ó IPREM vixente): 1 punto
- Por cada membro da unidade familiar afectado por discapacidade igual ou superior ao 33% e/ou dependencia ou enfermidade que requira internamento periódico: 2 puntos
- Pola condición de familia usuaria dos servizos básicos comunitarios do municipio de Sanxenxo en situación de vulnerabilidade (solicitarase de oficio conformidade do Departamento de Servizos Sociais do Concello): 5 puntos

Situación económica

En base a renda per cápita (RPC) mensual da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente (ingresos do ano 2023):

- Inferior ao 30% do IPREM: 4 puntos
- Entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM: 3 puntos
- Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM: 2 puntos
- Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM: 1 punto
- Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM: -1 punto
- Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM: -2 puntos
- Entre o 150% e o 200% do IPREM: -3 puntos
- Superior ao 200% do IPREM: -4 puntos

Nos casos de nulidade matrimonial, separación, divorcio ou situacións análogas habendo medidas paterno filiais considérase a renda de quen/es exerza/n a garda custodia do/a menor.

Os ingresos da unidade familiar a ter en conta para o cálculo da RPC serán a suma da base imponible xeral e a base imponible do aforro do Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas (IRPF) dividido polo número de membros da unidade familiar e a cantidade que resulte dividirase entre doce. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar.

DESEMPATES

En caso de obter igual puntuación, terán preferencia en primeiro lugar as solicitudes coa renda per cápita máis baixa e despois a solicitude que teña entrada con anterioridade no Rexistro do O.A. Terra de Sanxenxo.